

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE FACENDA E A XUNTA DE GALICIA PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA

I. A regulación con carácter básico dos Rexistros Oficiais de Licitadores e Empresas Clasificadas atópase contida nos artigos 337 a 345 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP). Nesas disposicións régúlase tanto o Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (en adiante ROLECSP), como os rexistros de licitadores de ámbito autonómico creados en virtude da súa competencia exclusiva para establecer a organización e réxime de funcionamento das súas Administracións.

II. O Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia creouse mediante o Decreto 199/1995, do 10 de maio, co obxecto de axilizar a contratación administrativa evitando a multiplicidade de documentacións análogas a presentar en cada licitación, así como para facilitar ás mesas de contratación o labor de análise das documentacións presentadas.

Actualmente está regulado no Decreto 262/2001, do 20 de setembro, polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro Xeral de Contratistas.

III. Os cambios na forma de licitar, fundamentalmente debidos á incorporación de medios electrónicos nas licitacións, permiten que o mercado do empresariado galego supere os criterios de territorialización aos que



historicamente viña vinculado, rompendo as fronteiras que habitualmente condicionaban a presentación de ofertas a licitacións próximas e de cercanía.

É por iso que, razóns de índole práctica e de racionalización, aconsellan unificar ambos os rexistros de licitadores, evitando a duplicidade de asentos das empresas rexistradas e permitindo unha efectividade do valor do certificado que non se limite ao territorio galego.

IV. A propia Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE, reconece os efectos dos certificados dos distintos rexistros nacionais dos países membros da Unión Europea nos contratos públicos por eles celebrados, obviando os efectos dos rexistros rexionais ou autonómicos, cunha eficacia territorial máis limitada, o que fai moi vantaxosa para os empresarios a consolidación destes rexistros nun único rexistro de ámbito nacional, cuxos certificados proporcionen a todos os empresarios inscrito sas vantaxes derivadas das devanditas disposicións comunitarias en aras dun mercado común e sen atrancos de acceso ás licitacións intracomunitarias.

IV. Tomada a decisión de integrar ambos rexistros en atención a estes criterios de eficacia e racionalización, o artigo 337.3 da LCSP, prevé que as Comunidades Autónomas que opten por non levar o seu propio rexistro independente de licitadores e empresas clasificadas, poderán practicar inscricións no ROLECSP, nos termos establecidos no artigo 340.2, e todas as inscricións nel practicadas terán, sen distinción algunha, os mesmos efectos



acreditativos e eficacia plena fronte a todos os órganos de contratación do Sector Público (apartado 3 do artigo 340 LCSP).

V. A Comunidade Autónoma de Galicia, pretende tramitar este convenio de colaboración co fin de coordinar as competencias en materia de rexistros de licitadores e empresas clasificadas, e o proceso de integración cara a utilización compartida dun único Rexistro oficial de Licitadores e empresas Clasificadas, coordinando e consolidando nel toda a información actual e futura relativa aos empresarios e demais operadores económicos, e mantendo invariables as competencias das respectivas Administracións respecto a tramitación e resolución dos expedientes de inscrición rexistral que seguirá levándose na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, a través da Secretaría xeral da Xunta Consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia tal e como dispón o art.16.2 do DECRETO 141/2024, de 20 de mayo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Todas as operacións necesarias para a tramitación das inscricións no Rexistro practicaranse sobre unha única base de datos común, tanto se a solicitude de inscrición é practicada polos órganos competentes da Comunidade Autónoma coma se o é polos da Administración Xeral do Sector público.

En cumprimento do convenio levaranse a cabo traballos de coordinación entre ambos rexistros, ao obxecto de culminar a consolidación no ROLECSP de toda a información dispoñible mediante a comprobación e integración dos datos, elaborándose para iso un censo consolidado de licitadores con inscrición vixente no rexistro autonómico e con inscrición vixente en ambos os rexistros.





A medida simplifica aos órganos de contratación o acceso aos datos rexistrados ao eliminar a procura da información en dous rexistros diferentes, e simplificará a tramitación e actualización de datos rexistrados do empresariado interesado en acceder ás licitacións públicas que só deberán atender á actualización dos datos achegados a un único rexistro.

De conformidade co disposto no artigo 140 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, dáse cumprimento aos principios que rexen as relacións interadministrativas, mediante a colaboración sinalada. Así mesmo, o indicado facilita a eficacia referida á mellora da xestión administrativa mediante a integración de aplicacións, servizos e recursos en beneficio do interese xeral; a proporcionalidade, xa que non impón cargas aos cidadáns nin aos órganos ou unidades implicados nos procesos de contratación; a seguridade xurídica, xa que a integración resolve as posibles contradicións que poidan existir entre ambos rexistros; e a transparencia, xa que a medida favorece unha maior asistencia aos procedementos de licitación pública e á información común que se poida obter do rexistro, utilizando a mesma terminoloxía, os mesmos criterios, procedementos e documentos, de forma que os operadores económicos ou licitadores, calquera que sexa o seu ámbito territorial, teñan a certeza e seguridade de que a documentación e a terminoloxía serán similares.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura

José María Barreiro Díaz

Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

